




Área / Unidad TURISMO PS0002 MBLG	Documento 52418I00AD	
Código de verificación  3T03 3V3P 2Y03 5D5Y 0F4D	Expediente 541/2024/832	
	Fecha 20-06-2024	

## RESOLUCIÓN

A Área de Medio Ambiente emite a seguinte proposta (documento nº 52418I00AC):

### **“INFORME RELATIVO Á PROPOSTA DE SERVIZOS MÍNIMOS A REALIZAR NO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA CON MOTIVO DA CONVOCATORIA DE FOLGA INTERMITENTE QUE SE INICIARÁ O 24 DE XUÑO.**

#### **1.- ANTECEDENTES**

**1.1.** O Comité de empresa da mercantil UTE CORUÑA LIMPIEZA, adxudicataria do servizo de limpeza viaria do Concello da Coruña, comunicou a este Concello o día 11 de xuño o inicio dunha folga de carácter indefinido e intermitente *“que durará toda a xornada laboral, afectando a todos os traballadores de todos os servizos da empresa UTE Coruña Limpieza (limpeza viaria, oficinas e taller) de maneira que afecta á totalidade dos servizos que presta a concesionaria, con paros intermitentes indefinidos ata que a situación se recompoña, empezando o día 24 de xuño, e continuará os días 6, 7, 13, 14, 26 e 27 de xullo e 1, 3, 5, 7, 9, 11, 13, 14 e 15 de agosto, así como todos os sábados, domingos e festivos en adiante, en todos os servizos e quendas existentes ata que a empresa chegue a un acordo en adiante en todos os servizos e quendas existentes ata que a empresa chegue a un acordo”*.

Sinala o preaviso remitido que *“A motivación da convocatoria fundaméntase na defensa dos dereitos e intereses profesionais dos traballadores da empresa e que veñen sendo vulnerados de maneira reiterada pola actitude da empresa que non está disposta a cumprir co estipulado en diversos artigos recollidos no convenio colectivo en vigor, así como no Estatuto dos Traballadores, lexislacións vixentes ao longo de 2023 e 2024 como por exemplo a lei de desconexión dixital, Plan de Formación, igualdade de trato e non discriminación, a vulneración dos dereitos e tutela da liberdade sindical existente, así como a presión e represión aos membros do Comité de Empresa e delegada da Sección Sindical, incluíndo despedimentos e sancións inxustificadas aos traballadores entre outros moitos puntos (...)”*.

A proposta de servizos mínimos que realiza o Comité nese preaviso *“durante todos os días que dure a folga a fin de que os riscos para a saúde pública sexan os mínimos”* é a seguinte:

**\*LIMPEZA VIARIA**

- 2 peóns varredores por cada lugar de traballo en quenda de mañá
- 2 reténs na quenda de mañá
- 2 reténs na quenda de tarde
- 2 reténs na quenda de noite

**\*OFICINAS**

- 1 administrativo para o servizo telefónico

**\*TALLERES**

- 1 operario de taller



# Concello da Coruña

**1.2.** O 13 de xuño realízase requirimento á UTE Coruña Limpeza para que, entre outras cuestións, propoñan a este Concello *“os servizos mínimos que consideren debe contar o servizo de limpeza viaria para garantir á cidadanía a prestación do servizo co fin de manter a salubridade da cidade e minimizar os posibles riscos para a saúde pública que puidesen derivarse da acumulación de residuos nas rúas”*.

O 14.06.2024 a mercantil remite a súa proposta de servizos mínimos que contempla tres escenarios de actuación:

- Día de San Xoán
- Días ordinarios (de luns a sábado)
- Domingos e festivos

Por parte da UTE A Coruña Limpeza indícase que a proposta que se achega permite cubrir o 90% dos servizos básicos e o 70% dos servizos complementarios (agás a limpeza interior dos mercados municipais, onde será do 100%).

## San Xoán:



# Concello da Coruña

	SERVIZO	Normal	Servizos mínimos	
SERVIZOS BÁSICOS	Varrido manual	72,5	90%	65,25
	Varrido manual motorizado	5,0	90%	4,50
	Varrido manual - época estival (15 xuño a 15 setembro)	2,0	90%	1,80
	Varrido de mantemento	4,0	90%	3,60
	Varrido manual en brigada	4,0	90%	3,60
	Varrido mecánico de beirarrúas	3,0	90%	2,70
	Varrido mecánico de calzadas	1,36	90%	1,22
	Baldeo con vehículo auxiliar (12 meses en N 0 e I, 9 meses resto)	3,08	90%	2,77
	Baldeo mixto (marzo - novembro)	6,65	90%	5,99
	Baldeo mecánico de beirarrúas	1,0	90%	0,90
	Baldeo mecánico de calzadas	2,0	90%	1,80
	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	Limpeza de zonas de ocio nocturno	2,59	70%
Fregado de beirarrúas e zonas peonís de alta presión		1,0	70%	0,70
Limpeza de pintadas, manchas, chicles, mobiliario urbano e retirada de carteis e banderolas		5,11	70%	3,58
Subministración e instalación de papeleiras			70%	0,00
Mantemento de papeleiras		0,68	70%	0,48
Lavado de papeleiras		0,68	70%	0,48
Servizo de limpeza de festas e eventos		4,20	70%	2,94
Reforzo de limpeza en nadal		0,02	0%	0,00
Limpeza de túneles, escaleiras e pasos elevados		0,26	0%	0,00
Reforzo de limpeza en época de caída de follas		1,54	0%	0,00
Limpeza intensiva cemiterio de Santo Amaro		0,17	0%	0,00
Limpeza de zonas verdes, parques e xardíns		4,0	70%	2,80
Limpeza de herbas e <i>hierbajos</i> en vía pública		7,13	0%	0,00
Limpeza de mercados municipais		12,46	0%	0,00
Limpeza manual de polígonos industriais e comerciais		2,63	0%	0,00
Limpeza do mercadiño da Sardiñeira		0,81	0%	0,00
Limpeza na zona de máxima concentración hostaleira			0%	0,00
Limpezas A Pé de Barrio			0%	0,00
Limpeza de praias de xuño a setembro		18,0	90%	16,20
Limpeza de praias en maio e outubro		2,0	0%	0,00
Limpeza de praias resto do ano		0,48	0%	0,00
Acondicionamento de praias			0%	0,00
Montaxe/desmontaxe e conservación de módulos de salvamento, aseos e pasaareas			0%	0,00
Varrido baldeo dual	2,0	0%	0,00	
Limpeza do carril bici	0,33	70%	0,23	
COMÚNS	Mandos intermedios	6,0	90%	5
	Administración	2,0	0%	0
	Taller	3,0	90%	3

**Días ordinarios (de luns a sábado):**



# Concello da Coruña

Servizos		Normal	Servizos mínimos	
<b>SERVIZOS BÁSICOS</b>	Varrido manual	72,5	90%	65,25
	Varrido manual motorizado	5,0	90%	4,50
	Varrido manual - época estival (15 xuño a 15 setembro)	2,0	90%	1,80
	Varrido de mantemento	4,0	90%	3,60
	Varrido manual en brigada	4,0	90%	3,60
	Varrido mecánico de beirarrúas	3,0	90%	2,70
	Varrido mecánico de calzadas	1,36	90%	1,22
	Baldeo con vehículo auxiliar (12 meses en N 0 e I, 9 meses resto)	3,08	90%	2,77
	Baldeo mixto (marzo - novembro)	6,65	90%	5,99
	Baldeo mecánico de beirarrúas	1,0	90%	0,90
	Baldeo mecánico de calzadas	2,0	90%	1,80
	<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>	Limpeza de zonas de ocio nocturno	2,59	70%
Fregado de beirarrúas e zonas peonís de alta presión		1,0	70%	0,70
Limpeza de pintadas, manchas, chicles, mobiliario urbano e retirada de carteis e banderolas		5,11	70%	3,58
Subministración e instalación de papeleiras			0%	0,00
Mantemento de papeleiras		0,68	70%	0,48
Lavado de papeleiras		0,68	70%	0,48
Servizo de limpeza de festas e eventos		4,20	70%	2,94
Reforzo de limpeza en nadal		0,02	70%	0,01
Limpeza de túneles, escaleiras e pasos elevados		0,26	70%	0,18
Reforzo de limpeza en época de caída de follas		1,54	70%	1,08
Limpeza intensiva cemiterio de Santo Amaro		0,17	70%	0,12
Limpeza de zonas verdes, parques e xardíns		4,0	70%	2,80
Limpeza de herbas e hierbajos en vía pública		7,13	70%	4,99
Limpeza de mercados municipais		12,46	100%	12,46
Limpeza manual de polígonos industriais e comerciais		2,63	70%	1,84
Limpeza do mercadiño da Sardiñeira		0,81	0%	0,00
Limpeza na zona de máxima concentración hostaleira			0%	0,00
Limpezas A Pé de Barrio			0%	0,00
Limpeza de praias de xuño a setembro		18,0	70%	12,60
Limpeza de praias en maio e outubro		2,0	0%	0,00
Limpeza de praias resto do ano	0,48	0%	0,00	
Acondicionamento de praias		0%	0,00	
Montaxe/desmontaxe e conservación de módulos de salvamento, aseos e pasaareas		0%	0,00	
Varrido baldeo dual	2,0	0%	0,00	
Limpeza do carril bici	0,33	0%	0,00	
<b>COMÚNS</b>	Mandos intermedios	6,0	90%	5
	Administración	2,0	70%	1
	Taller	3,0	90%	3

## Domingos e festivos:



Servizos		Normal	Servizos mínimos
<b>SERVIZOS BÁSICOS</b>	Varrido manual	72,5	90% 65,25
	Varrido manual motorizado	5,0	90% 4,50
	Varrido manual - época estival (15 xuño a 15 setembro)	2,0	90% 1,80
	Varrido de mantemento	4,0	90% 3,60
	Varrido manual en brigada	4,0	90% 3,60
	Varrido mecánico de beirarrúas	3,0	90% 2,70
	Varrido mecánico de calzadas	1,36	90% 1,22
	Baldeo con vehículo auxiliar (12 meses en N 0 e I, 9 meses resto)	3,08	90% 2,77
	Baldeo mixto (marzo - novembro)	6,65	90% 5,99
	Baldeo mecánico de beirarrúas	1,0	90% 0,90
	Baldeo mecánico de calzadas	2,0	90% 1,80
	<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>	Limpeza de zonas de ocio nocturno	2,59
Fregado de beirarrúas e zonas peonís de alta presión		1,0	70% 0,70
Limpeza de pintadas, manchas, chicles, mobiliario urbano e retirada de carteis e banderolas		5,11	70% 3,58
Subministración e instalación de papeleiras			0% 0,00
Mantemento de papeleiras		0,68	70% 0,48
Lavado de papeleiras		0,68	0% 0,00
Servizo de limpeza de festas e eventos		4,20	70% 2,94
Reforzo de limpeza en nadal		0,02	0% 0,00
Limpeza de túneles, escaleiras e pasos elevados		0,26	0% 0,00
Reforzo de limpeza en época de caída de follas		1,54	0% 0,00
Limpeza intensiva cemiterio de Santo Amaro		0,17	0% 0,00
Limpeza de zonas verdes, parques e xardíns		4,0	70% 2,80
Limpeza de herbas e hierbajos en vía pública		7,13	0% 0,00
Limpeza de mercados municipais		12,46	0% 0,00
Limpeza manual de polígonos industriais e comerciais		2,63	0% 0,00
Limpeza do mercadiño da Sardiñeira		0,81	0% 0,00
Limpeza na zona de máxima concentración hostaleira			0% 0,00
Limpezas A Pé de Barrio			0% 0,00
Limpeza de praias de xuño a setembro		18,0	70% 12,60
Limpeza de praias en maio e outubro		2,0	0% 0,00
Limpeza de praias resto do ano		0,48	0% 0,00
Acondicionamento de praias			0% 0,00
Montaxe/desmontaxe e conservación de módulos de salvamento, aseos e pasaareas			0% 0,00
Varrido baldeo dual	2,0	0% 0,00	
Limpeza do carril bici	0,33	0% 0,00	
<b>COMÚNS</b>	Mandos intermedios	6,0	90% 5
	Administración	2,0	0% 0
	Taller	3,0	90% 3

**1.3. Cómpre destacar que o Comité de Empresa de PreZero, tamén convocou folga intermitente no servizo de recollida e transporte de residuos urbanos e que tamén da comezo o mesmo día 24, se ben despois os días intermitentes de folga non coinciden exactamente cos sinalados no servizo de limpeza, agás algunha excepción como os días 26 e 27 de xullo ou os días 9 e 15 de agosto, así como todos os sábados).**

Non obstante, observando os días de folga previstos para un e outro servizo leva á conclusión de que a concatenación e alternancia de días entre un e outro servizo crea un potencial risco á cidadanía.

## 2.- CONSIDERACIÓNS TÉCNICO-XURÍDICAS



**2.1.** Conforme ao previsto no *artigo 28.2 da Constitución Española e no artigo 10.2 do Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, de Relacións de Traballo*, o Concello pode adoptar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos “servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade” e “acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento do servizos” e garantir, neste caso, as condicións mínimas esixibles de salubridade e seguridade urbana.

Da constitucionalidade recoñecida do artigo 10.2 do RD-Lei 17/1977 (STC 11/1941, de 8 de abril), en concordancia co artigo 28.2. da Constitución, deriva a instrución do procedemento para a fixación das citadas medidas necesarias, no que resultaron oídas ambas partes -Comité de Empresa e mercantil- en tanto que ambas presentaron ante este Concello as súas propostas de medidas ou servizos mínimos.

**2.2.** Conforme o artigo 28.2 da Constitución Española, o dereito de folga ten que conciliarse co mantemento dos servizos esenciais para a comunidade, de xeito que deben adoptarse as medidas precisas para manter a cobertura mínima dos dereitos, liberdades e bens que satisfagan os ditos servizos esenciais, sen que se esixa alcanzar o nivel de rendemento habitual nin asegurar o seu funcionamento normal.

De acordo co establecido no artigo 28.2 da Constitución Española polo que se recoñece o dereito de folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses, “*la Ley que regule el ejercicio de este derecho establecerá las garantías precisas para asegurar el mantenimiento de los servicios esenciales de la comunidad*”. Así, e de acordo co artigo 10.2 do Real Decreto-Lei 17/1977, de 4 de marzo, de Relacións de Traballo, a Autoridade Gubernativa poderá acordar as medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos, cando a folga se declare en empresas **encargadas da prestación dun servizo público ou de recoñecida e inaprazable necesidade e concorran circunstancias de especial gravidade**.

O Tribunal Constitucional nas súas Sentenzas 11, 26 e 33/1981, 51/1986 e 27/1989 sentou a doutrina en materia de folga respecto da fixación de tales servizos esenciais da comunidade, a cal foi resumida pola Sentenza de devandito Tribunal 43/1990, de 15 de marzo, e ratificada na de 29 de abril de 1993, sinalando a obrigaón da Administración de velar polo funcionamento dos servizos esenciais da comunidade, tendo en conta que “*exista una razonable proporción entre los servicios a imponer a los huelguistas y los perjuicios que padezcan los usuarios de aquellos, evitando que los servicios esenciales establecidos supongan un funcionamiento normal del servicio y al mismo tiempo procurando que el interés de la comunidad sea perturbado por la huelga solamente en términos razonables*”.

O Tribunal Supremo nunha sentenza do 15 de xuño de 2005 (recurso núm. 907/2002) refírese **ao principio de proporcionalidade**, sinalando que o respecto do dito principio nos servizos mínimos depende de “*que el contraste entre, de un lado, el sacrificio que para el derecho de huelga significan tales servicios mínimos y, de otro, los bienes o derechos que estos últimos intentan proteger, arroje como resultado que aquel sacrificio sea algo inexcusable o necesario para la protección de esos otros bienes o derechos, o de menor gravedad que el quebranto que se produciría de no llevarse a cabo los servicios mínimos*”.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na sentenza do 19 de outubro de 2011 (recurso núm. 26/2010), aos efectos de ter cumprido o deber de motivación na fixación dos servizos mínimos e a observancia dos principios de proporcionalidade e mínima restrición o dereito de folga, sinala “*De la citada jurisprudencia y doctrina constitucional se induce que el deber de motivación se debe entender cumplido cuando quedan patentes los factores o criterios cuya ponderación ha permitido determinar*





las prestaciones mínimas establecidas, consignando los criterios y parámetros objetivos tenidos en cuenta para considerar un servicio público como esencial y unos concretos mínimos en su prestación". Na sentenza do 22 de febreiro de 2012 (recurso núm. 19/2010), fai referencia a unha sentenza do Tribunal Supremo do 20 de outubro de 2011 que di *"han de hacerse explícitos, siquiera sea sucintamente, "los criterios seguidos para fijar el nivel de tales servicios, de forma que por los Tribunales, en su caso, y en su momento, se pueda fiscalizar la adecuación de las medidas adoptadas" [...] En primer lugar, que sean identificados los intereses afectados por la huelga (el inherente al derecho de los huelguistas y el -o los- que puedan ostentar los afectados por el paro laboral). Y en segundo lugar, que se precisen también los factores y criterios que han sido utilizados para llegar al concreto resultado plasmado en los servicios mínimos que hayan sido fijados"*.

**2.3.** A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que é un servizo municipal de prestación obrigatoria, en tódolos municipios, a limpeza viaria. Trátase dun servizo público que non so ten a consideración de servizo público obrigatorio, se non tamén, de servizo público esencial. Así mesmo, a Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia contempla a limpeza viaria como un servizo público mínimo obrigatoria a prestar por tódolos municipios (artigo 81).

O Tribunal Constitucional, na sentenza 185/1995 de 14 de decembro, ofrece unha visión do que pode considerarse como un servizo público esencial, sendo aquel que é *"objetivamente indispensable para poder satisfacer las necesidades básicas de la vida personal o social de los particulares de acuerdo con las circunstancias sociales de cada momento y lugar o, dicho, con otras palabras, cuando la renuncia a estos bienes, servicios o actividades priva al particular de aspectos esenciales de su vida privada o social"*.

O servizo de limpeza viaria considérase un servizo esencial na medida en que a súa interrupción, derivada do dereito de folga, pon en perigo o mantemento da salubridade e o medio ambiente no Concello da Coruña, afectando a bens e dereitos dos cidadáns recoñecidos e protexidos no Título Primeiro da Constitución Española, como son o dereito á saúde e ao medio ambiente. É por iso que o Concello vese compelido a garantir os citados servizos considerados esenciais mediante a fixación de servizos mínimos.

Para a fixación por parte de tales medidas de garantía hai que ter en conta, como sinala xurisprudencia reiterada, que *"partiendo de que el derecho de huelga, cuando se ejercita en servicios esenciales, puede ser restringido pero no de tal forma que quede vacío de contenido y prácticamente irreconocible como tal derecho"*.

En consecuencia, non se trata de garantir nin alcanzar o funcionamento nin o rendemento ordinario do servizo, senón de garantir á cidadanía a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos co fin de manter **a salubridade da cidade e minimizar os posibles riscos para a saúde pública que puidesen derivarse da falta de limpeza e hixiene e da acumulación de residuos na rúa, dos malos cheiros, lixiviados, proliferación de roedores, os cales son vehículos de transmisión, e mesmo de enfermidades infecto-contaxiosas que xeren risco para a cidadanía**. Trátase dun dereito esixible polos veciños, tal e como se contempla no artigo 18.g) da Lei 7/1985.

**2.4.** O Comité de Folga, propón unha cobertura de postos moi pouco definida, onde non se especifican que servizos serán atendidos, senón que se limita a asignar servizos mínimos para tarefas de limpeza viaria, de oficinas e de talleres.



# Concello da Coruña

Así, e respecto da limpeza viaria, propoñen 2 peóns varredores por cada lugar de traballo en quenda de mañá (e contando coa nave central de maquinaria, son en total 10 os lugares de traballo), así como unha serie de reténs, sen especificar o número de integrantes de cada un deles.

En calquera caso, e considerando que cada retén estivera formado por 3 operarios, no seu conxunto, **a proposta do Comité de Empresa apenas cubriría o 20 % dos servizos de limpeza da cidade.** Ademais, a parte administrativa podería ser suficiente, pero os medios humanos contemplados no taller non se consideran suficientes por dúas cuestións: para non pór en risco a seguridade dos operarios de taller e para non paralizar o servizo de limpeza, en caso de avarías ou outro tipo de incidencias que puideran darse nos diferentes vehículos da concesionaria.

A proposta do Comité supón na práctica, e en moitas das prestacións a realizar que contempla o contrato, uns servizos mínimos case que inexistentes. A proposta para oficinas e taller suporía unha prestación efectiva de traballo que, fundamentalmente no caso do taller, podería ter consecuencias graves para a seguridade e saúde dos traballadores do taller en particular, e do resto de operarios da UTE A Coruña Limpeza en xeral. O mesmo acontecería co resto de servizos, onde se contaría cunha prestación moi reducida en termos diarios.

**2.5.** Unha vez examinadas as propostas presentadas polo Comité de empresa e pola propia mercantil, e tendo en conta que á data actual non hai acordo na fixación destes mínimos e que, en última instancia corresponde ao Concello a posibilidade de adopción das medidas necesarias para asegurar o funcionamento dos servizos e garantir, neste caso, as condicións mínimas esixibles de salubridade e seguridade urbana, **proponse a fixación duns servizos mínimos que suporán:**

## **1. TÁBOA 1: SAN XOÁN.**

**Os servizos mínimos que se fixan nesta Tabla 1, pola súa especial relevancia, supoñen unha media total aproximada do 70 % dos postos utilizados para esta festividade, incluíndo os dos servizos básicos, complementarios e comúns (na facturación dos meses de xuño, xullo e agosto do ano 2023 contemplábanse de media no entorno de 188 postos de traballo).**

## **2. TÁBOA 2: DÍAS ORDINARIOS (é dicir, de LUNS A SÁBADO)**

**Os servizos mínimos que se fixan nesta Tabla 2 supoñen unha media aproximada do 60% dos postos de traballo totais ordinarios, incluíndo os dos servizos básicos, complementarios e comúns; coa excepción dos postos nos mercados municipais, onde, para evitar situacións de risco sanitarias e de seguridade das persoas, será necesario manter o 100% dos postos de traballo.**

## **3. TÁBOA 3: DOMINGOS E FESTIVOS**

**Os servizos mínimos que se fixan nesta Tabla 3 supoñen unha media aproximada do 49% dos postos de traballo totais ordinarios, incluíndo os dos servizos básicos, complementarios e comúns.**

Enténdese que os servizo mínimos así contemplados resultan ser adecuados e proporcionados atendendo os seguintes criterios:

- A importancia dos bens e dereitos constitucionais, antes citados, susceptibles de ser afectados por medio de folga, posto que a empresa é a contratista do servizo público de limpeza viaria. Isto é, a actividade que realiza a empresa considérase claramente un servizo esencial para a comunidade, non existindo alternativas ao servizo prestado.





# Concello da Coruña

- O volume de poboación afectada (case 250.000 persoas) e a gran densidade de poboación que ten o Concello, particularmente nos distritos 6 (58.746,67 habitantes/km<sup>2</sup>), 4 (30.628,71 habitantes/km<sup>2</sup>), 3 (18.515,94 habitantes/km<sup>2</sup>) e 2 (15.862,37 habitantes/km<sup>2</sup>). A metade de poboación do Concello concéntrase en catro distritos cunha ratio de habitante/km<sup>2</sup> moi elevada.

- Cómpre indicar que o 24 de xuño ten lugar en todos os barrios da cidade e, moi especialmente nos areas de Riazón-Orzán, a súa celebración con cacharelas e sardiñadas que constitúen unha auténtica festa cidadá. Así, o San Xoán da Coruña declarouse como *Festa de Interese Turístico Internacional* xa en maio de 2015, e antes *Festa de Interese Turístico Nacional* en xuño de 2003 e tamén antes *Festa de interese turístico* pola Xunta de Galicia en abril do 2000, atraendo a innumerables visitantes á cidade ao longo dos días 23 e 24 de xuño.

Estímase que tan só na noite de San Xoán pode haber preto de 150.000 persoas nas praias e na súa contorna, cunha alta xeración de residuos (no ano 2023 foi de 54.000 kg a maiores dos xerados un día normal), coa particularidade engadida de que moitos dos residuos poden ser especialmente perigosos en canto á iniciación de lumes ao proceder dos centos de cacharelas que se realizan nos barrios e praias habilitadas para tal efecto.

- A duración da folga e as súas particularidades (carácter intermitente e escalonado coa folga da concesionaria de recollida de residuos).

- A especial incidencia que a folga pode ter nas zonas onde se aloxan produtos perecedoiros, como poden ser os mercados municipais, onde é necesario garantir a máxima limpeza, para evitar situacións de risco sanitarias e de seguridade das persoas.

- A necesidade dos postos de capataces e vixilantes para garantir a rápida resposta e coordinación ante posibles incidencias derivadas da propia folga (redución de medios efectivos na rúa).

- A época do ano na cal se vai realizar a folga, coincidindo coa época estival na cal as temperaturas adoitan ser altas (feito que pode ser un vector que axude a propagar os riscos asociados á falta de limpeza) e ademais onde se incrementa de forma substancial o número de turistas que visitan a cidade.

- A incidencia da folga na celebración de eventos multitudinarios na cidade, como son o San Xoán xa citado pero tamén as Festas de María Pita durante todo o mes de agosto con eventos de alta concentración de persoas.

- Os servizos mínimos fixados en folgas precedentes. A folga enmárcase nun contrato novo que deu comezo en outubro de 2020. Anteriormente, os servizos obxecto deste contrato prestábanse no marco doutro contrato que tamén se veu afectado pola convocatoria de folgas. Neses casos (por exemplo, folgas do 17 de abril do 2009 e do 25 de maio do 2010), establecéronse uns servizos mínimos que supoñían a cobertura de 93 postos de traballo. En calquera caso, os servizos mínimos que agora se propoñen son, en termos porcentuais, da mesma orde de magnitude aos xa fixados en precedentes de folgas equiparables a actual.

Co cumprimento dos servizos mínimos enténdese que se garante o adecuado equilibrio entre os dereitos dos cidadáns e o dereito dos traballadores para realizar o efectivo exercicio de folga, de conformidade co que dispoñen as normas aplicables e a xurisprudencia existente.

En todo caso, tan importante como establecer unha axeitada regulación dos servizos mínimos é a supervisión do cumprimento dos mesmos. A organización do traballo debe garantir unha equilibrada distribución das porcentaxes do servizo para prestar entre os distintos lugares afectados pola folga.



# Concello da Coruña

Todo iso é labor que lle corresponde á empresa, coa participación do comité de folga, sen esquecer que a limpeza viaria é un servizo municipal obrigatorio e esencial.

En base a todo o exposto, **PROPONSE A ADOPCIÓN DA SEGUINTE RESOLUCIÓN:**

**1.- FIXAR OS SEGUINTE SERVICIOS MÍNIMOS OBRIGATORIOS A REALIZAR durante o período de folga indefinida e intermitente, que comezará ás 00.00 horas do día 24 de xuño, seguindo os días 6, 7, 13, 14, 26 e 27 de xullo e 1, 3, 5, 7, 9, 11, 13, 14 e 15 de agosto, así como todos os sábados, domingos e festivos en adiante convocada na UTE A Coruña Limpeza, empresa contratista do servizo de limpeza viaria:**

**TÁBOA 1: SAN XOÁN**

SERVIZO		Normal	Servizos mínimos	
<b>SERVIZOS BÁSICOS</b>	Varrido manual	72,5	90%	65,25
	Varrido manual motorizado	5,0	90%	4,50
	Varrido manual - época estival (15 xuño a 15 setembro)	2,0	90%	1,80
	Varrido de mantemento	4,0	90%	3,60
	Varrido manual en brigada	4,0	90%	3,60
	Varrido mecánico de beirarrúas	3,0	90%	2,70
	Varrido mecánico de calzadas	1,36	90%	1,22
	Baldeo con vehículo auxiliar (12 meses en N 0 e I, 9 meses resto)	3,08	90%	2,77
	Baldeo mixto (marzo - novembro)	6,65	90%	5,99
	Baldeo mecánico de beirarrúas	1,0	90%	0,90
	Baldeo mecánico de calzadas	2,0	90%	1,80
	<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>	Limpeza de zonas de ocio nocturno	2,59	70%
Fregado de beirarrúas e zonas peonís de alta presión		1,0	70%	0,70
Limpeza de pintadas, manchas, chicles, mobiliario urbano e retirada de carteis e banderolas		5,11	70%	3,58
Subministración e instalación de papeleiras			70%	0,00
Mantemento de papeleiras		0,68	70%	0,48
Lavado de papeleiras		0,68	70%	0,48
Servizo de limpeza de festas e eventos		4,20	70%	2,94
Reforzo de limpeza en nadal		0,02	0%	0,00
Limpeza de túneles, escaleiras e pasos elevados		0,26	0%	0,00
Reforzo de limpeza en época de caída de follas		1,54	0%	0,00
Limpeza intensiva cemiterio de Santo Amaro		0,17	0%	0,00
Limpeza de zonas verdes, parques e xardíns		4,0	70%	2,80
Limpeza de herbas e <i>hierbajos</i> en vía pública		7,13	0%	0,00
Limpeza de mercados municipais		12,46	0%	0,00
Limpeza manual de polígonos industriais e comerciais		2,63	0%	0,00
Limpeza do mercado da Sardiñeira		0,81	0%	0,00
Limpeza na zona de máxima concentración hostaleira			0%	0,00
Limpezas A Pé de Barrio			0%	0,00
Limpeza de praias de xuño a setembro		18,0	90%	16,20
Limpeza de praias en maio e outubro		2,0	0%	0,00
Limpeza de praias resto do ano		0,48	0%	0,00
Acondicionamento de praias			0%	0,00
Montaxe/desmontaxe e conservación de módulos de salvamento, aseos e pasaareas			0%	0,00
Varrido baldeo dual	2,0	0%	0,00	
Limpeza do carril bici	0,33	70%	0,23	
<b>COMÚNS</b>	Mandos intermedios	6,0	90%	5
	Administración	2,0	0%	0
	Taller	3,0	90%	3



# Concello da Coruña

**TÁBOA 2: DÍAS ORDINARIOS (DE LUNS A SÁBADO)**

Servizos		Normal	Servizos mínimos	
<b>SERVIZOS BÁSICOS</b>	Varrido manual	72,5	60%	43,50
	Varrido manual motorizado	5,0	60%	3,00
	Varrido manual - época estival (15 xuño a 15 setembro)	2,0	60%	1,20
	Varrido de mantemento	4,0	60%	2,40
	Varrido manual en brigada	4,0	60%	2,40
	Varrido mecánico de beirarrúas	3,0	60%	1,80
	Varrido mecánico de calzadas	1,36	60%	0,82
	Baldeo con vehículo auxiliar (12 meses en N 0 e I, 9 meses resto)	3,08	60%	1,85
	Baldeo mixto (marzo - novembro)	6,65	60%	3,99
	Baldeo mecánico de beirarrúas	1,0	60%	0,60
	Baldeo mecánico de calzadas	2,0	60%	1,20
<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>	Limpeza de zonas de ocio nocturno	2,59	60%	1,55
	Fregado de beirarrúas e zonas peonís de alta presión	1,0	60%	0,60
	Limpeza de pintadas, manchas, chicles, mobiliario urbano e retirada de carteis e banderolas	5,11	60%	3,07
	Subministración e instalación de papeleiras		0%	0,00
	Mantemento de papeleiras	0,68	60%	0,41
	Lavado de papeleiras	0,68	60%	0,41
	Servizo de limpeza de festas e eventos	4,20	60%	2,52
	Reforzo de limpeza en nadal	0,02	60%	0,01
	Limpeza de túneles, escaleiras e pasos elevados	0,26	60%	0,16
	Reforzo de limpeza en época de caída de follas	1,54	60%	0,92
	Limpeza intensiva cemiterio de Santo Amaro	0,17	60%	0,10
	Limpeza de zonas verdes, parques e xardíns	4,0	60%	2,40
	Limpeza de herbas e hierbajos en vía pública	7,13	60%	4,28
	Limpeza de mercados municipais	12,46	100%	12,46
	Limpeza manual de polígonos industriais e comerciais	2,63	60%	1,58
	Limpeza do mercadiño da Sardiñeira	0,81	0%	0,00
	Limpeza na zona de máxima concentración hostaleira		0%	0,00
	Limpezas A Pé de Barrio		0%	0,00
	Limpeza de praias de xuño a setembro	18,0	60%	10,80
	Limpeza de praias en maio e outubro	2,0	0%	0,00
	Limpeza de praias resto do ano	0,48	0%	0,00
	Acondicionamento de praias		0%	0,00
	Montaxe/desmontaxe e conservación de módulos de salvamento, aseos e pasaareas		0%	0,00
Varrido baldeo dual	2,0	0%	0,00	
Limpeza do carril bici	0,33	0%	0,00	
<b>COMÚNS</b>	Mandos intermedios	6,0	90%	5
	Administración	2,0	50%	1
	Taller	3,0	90%	3



### TÁBOA 3: DOMINGOS E FESTIVOS

Servizos		Normal	Servizos mínimos	
<b>SERVIZOS BÁSICOS</b>	Varrido manual	72,5	60%	43,50
	Varrido manual motorizado	5,0	60%	3,00
	Varrido manual - época estival (15 xuño a 15 setembro)	2,0	60%	1,20
	Varrido de mantemento	4,0	60%	2,40
	Varrido manual en brigada	4,0	60%	2,40
	Varrido mecánico de beirarrúas	3,0	60%	1,80
	Varrido mecánico de calzadas	1,36	60%	0,82
	Baldeo con vehículo auxiliar (12 meses en N 0 e I, 9 meses resto)	3,08	60%	1,85
	Baldeo mixto (marzo - novembro)	6,65	60%	3,99
	Baldeo mecánico de beirarrúas	1,0	60%	0,60
	Baldeo mecánico de calzadas	2,0	60%	1,20
	<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>	Limpeza de zonas de ocio nocturno	2,59	60%
Fregado de beirarrúas e zonas peonís de alta presión		1,0	60%	0,60
Limpeza de pintadas, manchas, chicles, mobiliario urbano e retirada de carteis e banderolas		5,11	60%	3,07
Subministración e instalación de papeleiras			0%	0,00
Mantemento de papeleiras		0,68	60%	0,41
Lavado de papeleiras		0,68	0%	0,00
Servizo de limpeza de festas e eventos		4,20	60%	2,52
Reforzo de limpeza en nadal		0,02	0%	0,00
Limpeza de túneles, escaleiras e pasos elevados		0,26	0%	0,00
Reforzo de limpeza en época de caída de follas		1,54	0%	0,00
Limpeza intensiva cemiterio de Santo Amaro		0,17	0%	0,00
Limpeza de zonas verdes, parques e xardíns		4,0	60%	2,40
Limpeza de herbas e hierbajos en vía pública		7,13	0%	0,00
Limpeza de mercados municipais		12,46	0%	0,00
Limpeza manual de polígonos industriais e comerciais		2,63	0%	0,00
Limpeza do mercadoño da Sardiñeira		0,81	0%	0,00
Limpeza na zona de máxima concentración hostaleira			0%	0,00
Limpezas A Pé de Barrio			0%	0,00
Limpeza de praias de xuño a setembro		18,0	60%	10,80
Limpeza de praias en maio e outubro		2,0	0%	0,00
Limpeza de praias resto do ano		0,48	0%	0,00
Acondicionamento de praias			0%	0,00
Montaxe/desmontaxe e conservación de módulos de salvamento, aseos e pasaareas			0%	0,00
Varrido baldeo dual	2,0	0%	0,00	
Limpeza do carril bici	0,33	0%	0,00	
<b>COMÚNS</b>	Mandos intermedios	6,0	90%	5
	Administración	2,0	0%	0
	Taller	3,0	90%	3

2.- Ademais, deberá en todo momento actuarse ante circunstancias ou actuacións urxentes que así o demanden.

Cando se produzan circunstancias excepcionais, tales como situacións derivadas de inclemencias meteorolóxicas, accidentes, situacións de emerxencias, vertedura de graxas ou aceites ou retirada de animais mortos, darase resolución as ditas incidencias co persoal estritamente necesario para elo.



# Concello da Coruña

**3.-** Correspóndelle a UTE A Coruña Limpeza, coa participación do comité de folga, a facultade de designar ás persoas traballadoras que deban efectuar os servizos mínimos, velar polo cumprimento dos mesmos e a organización do traballo correspondente a cada unha delas, sen prexuízo do exercicio da correspondente competencia do Concello como titular do servizo.

Os servizos mínimos non poderán ser perturbados por alteracións ou paros do persoal designado para a súa prestación. En caso de producirse, serán considerados ilegais, incorrendo en responsabilidade quen os ocasione.

**4.-** En función da duración da folga e das necesidades urxentes que se detecten, poderanse incrementar os devanditos servizos mínimos co fin de manter, en todo caso, a seguridade e salubridade pública como bens e dereitos a protexer.

**5.-** A UTE A Coruña Limpeza proporcionará ao Concello da Coruña información diaria sobre as incidencias que puideran acontecer, dos servizos diarios completados, do número de traballadores que secundan a folga sobre o número total e das categorías profesionais de cada un dos traballadores que secundan a folga, das situacións que poidan comportar un risco para a salubridade pública e de toda aquela información que consideren relevante.

**6.-** Correspóndelle á UTE A Coruña Limpeza soportar as consecuencias económicas da folga vinculadas á xestión do contrato. A administración municipal detraerá as cantidades correspondentes ás prestacións deixadas de realizar, aos gastos deixados de soportar polo contratista e as consecuencias económicas negativas para a administración municipal, derivadas de custes complementarios para o mantemento do servizo público obrigatorio ou ingresos non percibidos ligados á execución do contrato.

**7.-** Notificar o presente Decreto ao Comité de Folga e á UTE A Coruña Limpeza, así como ao Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

A Coruña, na data de sinatura dixital que consta neste documento

Asdo.

- O técnico superior de Residuos Urbanos
- A xefa do Departamento de Residuos Urbanos
- O director de Área de Medio Ambiente”

Visto o informe proposta que precede a esta resolución, e facendo uso das facultades conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como no disposto no Decreto 3531/2024 da Alcaldía de delegación de competencias do 19.06.2024,

## RESOLVO

**1.- FIXAR OS SEGUINTE SERVICIOS MÍNIMOS OBLIGATORIOS A REALIZAR durante o período de folga indefinida e intermitente, que comezará ás 00.00 horas do día 24 de xuño, seguindo os días 6, 7, 13, 14, 26 e 27 de xullo e 1, 3, 5, 7, 9, 11, 13, 14 e 15 de agosto, así como todos os sábados, domingos e festivos en adiante convocada na UTE A Coruña Limpeza, empresa contratista do servizo de limpeza viaria:**



# Concello da Coruña

**TÁBOA 1: SAN XÓAN**

SERVIZO		Normal	Servizos mínimos	
<b>SERVIZOS BÁSICOS</b>	Varrido manual	72,5	90%	65,25
	Varrido manual motorizado	5,0	90%	4,50
	Varrido manual - época estival (15 xuño a 15 setembro)	2,0	90%	1,80
	Varrido de mantemento	4,0	90%	3,60
	Varrido manual en brigada	4,0	90%	3,60
	Varrido mecánico de beirarrúas	3,0	90%	2,70
	Varrido mecánico de calzadas	1,36	90%	1,22
	Baldeo con vehículo auxiliar (12 meses en N 0 e I, 9 meses resto)	3,08	90%	2,77
	Baldeo mixto (marzo - novembro)	6,65	90%	5,99
	Baldeo mecánico de beirarrúas	1,0	90%	0,90
	Baldeo mecánico de calzadas	2,0	90%	1,80
	<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>	Limpeza de zonas de ocio nocturno	2,59	70%
Fregado de beirarrúas e zonas peonís de alta presión		1,0	70%	0,70
Limpeza de pintadas, manchas, chicles, mobiliario urbano e retirada de carteis e banderolas		5,11	70%	3,58
Subministración e instalación de papeleiras			70%	0,00
Mantemento de papeleiras		0,68	70%	0,48
Lavado de papeleiras		0,68	70%	0,48
Servizo de limpeza de festas e eventos		4,20	70%	2,94
Reforzo de limpeza en nadal		0,02	0%	0,00
Limpeza de túneles, escaleiras e pasos elevados		0,26	0%	0,00
Reforzo de limpeza en época de caída de follas		1,54	0%	0,00
Limpeza intensiva cemiterio de Santo Amaro		0,17	0%	0,00
Limpeza de zonas verdes, parques e xardíns		4,0	70%	2,80
Limpeza de herbas e <i>hierbajos</i> en vía pública		7,13	0%	0,00
Limpeza de mercados municipais		12,46	0%	0,00
Limpeza manual de polígonos industriais e comerciais		2,63	0%	0,00
Limpeza do mercadiño da Sardiñeira		0,81	0%	0,00
Limpeza na zona de máxima concentración hostaleira			0%	0,00
Limpezas A Pé de Barrio			0%	0,00
Limpeza de praias de xuño a setembro		18,0	90%	16,20
Limpeza de praias en maio e outubro		2,0	0%	0,00
Limpeza de praias resto do ano		0,48	0%	0,00
Acondicionamento de praias			0%	0,00
Montaxe/desmontaxe e conservación de módulos de salvamento, aseos e pasaareas			0%	0,00
Varrido baldeo dual	2,0	0%	0,00	
Limpeza do carril bici	0,33	70%	0,23	
<b>COMÚNS</b>	Mandos intermedios	6,0	90%	5
	Administración	2,0	0%	0
	Taller	3,0	90%	3





## TÁBOA 2: DÍAS ORDINARIOS (DE LUNS A SÁBADO)

Servizos		Normal	Servizos mínimos	
<b>SERVIZOS BÁSICOS</b>	Varrido manual	72,5	60%	43,50
	Varrido manual motorizado	5,0	60%	3,00
	Varrido manual - época estival (15 xuño a 15 setembro)	2,0	60%	1,20
	Varrido de mantemento	4,0	60%	2,40
	Varrido manual en brigada	4,0	60%	2,40
	Varrido mecánico de beirarrúas	3,0	60%	1,80
	Varrido mecánico de calzadas	1,36	60%	0,82
	Baldeo con vehículo auxiliar (12 meses en N 0 e I, 9 meses resto)	3,08	60%	1,85
	Baldeo mixto (marzo - novembro)	6,65	60%	3,99
	Baldeo mecánico de beirarrúas	1,0	60%	0,60
	Baldeo mecánico de calzadas	2,0	60%	1,20
	<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>	Limpeza de zonas de ocio nocturno	2,59	60%
Fregado de beirarrúas e zonas peonís de alta presión		1,0	60%	0,60
Limpeza de pintadas, manchas, chicles, mobiliario urbano e retirada de carteis e banderolas		5,11	60%	3,07
Subministración e instalación de papeleiras			0%	0,00
Mantemento de papeleiras		0,68	60%	0,41
Lavado de papeleiras		0,68	60%	0,41
Servizo de limpeza de festas e eventos		4,20	60%	2,52
Reforzo de limpeza en nadal		0,02	60%	0,01
Limpeza de túneles, escaleiras e pasos elevados		0,26	60%	0,16
Reforzo de limpeza en época de caída de follas		1,54	60%	0,92
Limpeza intensiva cemiterio de Santo Amaro		0,17	60%	0,10
Limpeza de zonas verdes, parques e xardíns		4,0	60%	2,40
Limpeza de herbas e hierbajos en vía pública		7,13	60%	4,28
Limpeza de mercados municipais		12,46	100%	12,46
Limpeza manual de polígonos industriais e comerciais		2,63	60%	1,58
Limpeza do mercadinho da Sardiñeira		0,81	0%	0,00
Limpeza na zona de máxima concentración hostaleira			0%	0,00
Limpezas A Pé de Barrio			0%	0,00
Limpeza de praias de xuño a setembro		18,0	60%	10,80
Limpeza de praias en maio e outubro		2,0	0%	0,00
Limpeza de praias resto do ano		0,48	0%	0,00
Acondicionamento de praias			0%	0,00
Montaxe/desmontaxe e conservación de módulos de salvamento, aseos e pasaareas			0%	0,00
Varrido baldeo dual		2,0	0%	0,00
Limpeza do carril bici	0,33	0%	0,00	
<b>COMÚNS</b>	Mandos intermedios	6,0	90%	5
	Administración	2,0	50%	1
	Taller	3,0	90%	3



### TÁBOA 3: DOMINGOS E FESTIVOS

	Servizos	Normal	Servizos mínimos	
<b>SERVIZOS BÁSICOS</b>	Varrido manual	72,5	60%	43,50
	Varrido manual motorizado	5,0	60%	3,00
	Varrido manual - época estival (15 xuño a 15 setembro)	2,0	60%	1,20
	Varrido de mantemento	4,0	60%	2,40
	Varrido manual en brigada	4,0	60%	2,40
	Varrido mecánico de beirarrúas	3,0	60%	1,80
	Varrido mecánico de calzadas	1,36	60%	0,82
	Baldeo con vehículo auxiliar (12 meses en N 0 e I, 9 meses resto)	3,08	60%	1,85
	Baldeo mixto (marzo - novembro)	6,65	60%	3,99
	Baldeo mecánico de beirarrúas	1,0	60%	0,60
	Baldeo mecánico de calzadas	2,0	60%	1,20
	<b>SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</b>	Limpeza de zonas de ocio nocturno	2,59	60%
Fregado de beirarrúas e zonas peonís de alta presión		1,0	60%	0,60
Limpeza de pintadas, manchas, chicles, mobiliario urbano e retirada de carteis e banderolas		5,11	60%	3,07
Subministración e instalación de papeleiras			0%	0,00
Mantemento de papeleiras		0,68	60%	0,41
Lavado de papeleiras		0,68	0%	0,00
Servizo de limpeza de festas e eventos		4,20	60%	2,52
Reforzo de limpeza en nadal		0,02	0%	0,00
Limpeza de túneles, escaleiras e pasos elevados		0,26	0%	0,00
Reforzo de limpeza en época de caída de follas		1,54	0%	0,00
Limpeza intensiva cemiterio de Santo Amaro		0,17	0%	0,00
Limpeza de zonas verdes, parques e xardíns		4,0	60%	2,40
Limpeza de herbas e hierbajos en vía pública		7,13	0%	0,00
Limpeza de mercados municipais		12,46	0%	0,00
Limpeza manual de polígonos industriais e comerciais		2,63	0%	0,00
Limpeza do mercadillo da Sardiñeira		0,81	0%	0,00
Limpeza na zona de máxima concentración hostaleira			0%	0,00
Limpezas A Pé de Barrio			0%	0,00
Limpeza de praias de xuño a setembro		18,0	60%	10,80
Limpeza de praias en maio e outubro		2,0	0%	0,00
Limpeza de praias resto do ano		0,48	0%	0,00
Acondicionamento de praias			0%	0,00
Montaxe/desmontaxe e conservación de módulos de salvamento, aseos e pasaareas			0%	0,00
Varrido baldeo dual	2,0	0%	0,00	
Limpeza do carril bici	0,33	0%	0,00	
<b>COMÚNS</b>	Mandos intermedios	6,0	90%	5
	Administración	2,0	0%	0
	Taller	3,0	90%	3

2.- Ademais, deberá en todo momento actuarse ante circunstancias ou actuacións urxentes que así o demanden.

Cando se produzan circunstancias excepcionais, tales como situacións derivadas de inclemencias meteorolóxicas, accidentes, situacións de emerxencias, vertedura de graxas ou aceites ou retirada de animais mortos, darase resolución as ditas incidencias co persoal estritamente necesario para elo.



## Concello da Coruña

**3.-** Correspóndelle a UTE A Coruña Limpeza, coa participación do comité de folga, a facultade de designar ás persoas traballadoras que deban efectuar os servizos mínimos, velar polo cumprimento dos mesmos e a organización do traballo correspondente a cada unha delas, sen prexuízo do exercicio da correspondente competencia do Concello como titular do servizo.

Os servizos mínimos non poderán ser perturbados por alteracións ou paros do persoal designado para a súa prestación. En caso de producirse, serán considerados ilegais, incorrendo en responsabilidade quen os ocasione.

**4.-** En función da duración da folga e das necesidades urxentes que se detecten, poderanse incrementar os devanditos servizos mínimos co fin de manter, en todo caso, a seguridade e salubridade pública como bens e dereitos a protexer.

**5.-** A UTE A Coruña Limpeza proporcionará ao Concello da Coruña información diaria sobre as incidencias que puideran acontecer, dos servizos diarios completados, do número de traballadores que secundan a folga sobre o número total e das categorías profesionais de cada un dos traballadores que secundan a folga, das situacións que poidan comportar un risco para a salubridade pública e de toda aquela información que consideren relevante.

**6.-** Correspóndelle á UTE A Coruña Limpeza soportar as consecuencias económicas da folga vinculadas á xestión do contrato. A administración municipal detraerá as cantidades correspondentes ás prestacións deixadas de realizar, aos gastos deixados de soportar polo contratista e as consecuencias económicas negativas para a administración municipal, derivadas de custes complementarios para o mantemento do servizo público obrigatorio ou ingresos non percibidos ligados á execución do contrato.

**7.-** Notificar o presente Decreto ao Comité de Folga e á UTE A Coruña Limpeza, así como ao Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

A Coruña, na data de sinatura dixital que consta neste documento.

A alcaldesa PD.

Concelleira delegada da Área de Medio Ambiente  
Eudoxia María Neira Fernández